



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 14:01:29

SAIDA

4365/19

Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 032/2019

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 11/02/2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11/02/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Vigo (Pontevedra), de información referente das axudas recibidas por dous solicitantes do expediente 155986/301, en axudas indirectas, desde agosto de 2017, nas que se inclúa as axudas do programa Contra Desafiuazamentos e de Emerxencia Social, axuda recibida en Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES), programa de inclusión sociolaboral, actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, así como uso de albergues, comedores sociais, ou axudas indirectas facilitadas a través do centro colaborador EMAUS...)

O reclamante indicaba que no mes de xullo do 2008 presentou denuncia ante a concesión dunha axuda social conseguida polos solicitantes do expediente 155986/301 e di ter constancia que o concello concedeu outras axudas tanto directas como indirectas aos denunciados con data posterior á presentación da primeira denuncia na que se solicitaba a revisión do expediente para que revogasen a axuda.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Solicitouse a través do portal de transparencia que se indique as axudas (tanto directas como indirectas) que o concello concedeu a estas persoas.

O escrito viña acompañado copia da súa solicitude e do seu DNI e copia da súa solicitude ao Concello de Vigo (Pontevedra).

Segundo. Con data 13/02/2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data 7 de marzo de 2019 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo informe sobre a reclamación.

Neste informe, en resumo, indícase que ao reclamante recoñecéuselle expresamente a súa condición de interesado no expediente administrativo nº 155986/301, de revogación e reintegro da axuda social concedida a [REDACTED] e, como tal, fóronlle comunicadas as resolucións nese expediente, polo que non se comprende a súa solicitude de ser parte interesada nese procedemento.

Considera o informe que as continuas e reiteradas demandas de información referidas ó citado expediente non deben ser abordadas desde a perspectiva da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, senón desde a normativa común de procedemento administrativo

En todo caso, a pretensión de que se lle facilite o detalle e cuantificación das axudas percibidas dende agosto de 2017 non está abeirada polas leis de transparencia nin de procedemento administrativo, e resultaría totalmente contraria á protección dos datos dunha persoa usuaria dos servizos sociais en situación de exclusión social, e sería contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo governo deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Vigo non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente polo que polo que debemos considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A solicitude que o interesado reclama ao Concello de Vigo, é información referente ás axudas recibidas por dúas persoas (solicitantes do expediente 155986/301 no que o reclamante ten a condición de interesado), en axudas indirectas, desde agosto de 2017, nas que se inclúa as axudas de distintos programas de protección social, información que sen dúbida pódese encadrar dentro do dereito á intimidade persoal e familiar do titular cuoxos datos se solicitan.

A Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, regula, de conformidade co disposto no artigo 18.1 da Constitución, os dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, dereitos que teñen o rango de dereitos fundamentais, e como tales gozan dunha especial protección, ata o punto que, de acordo co artigo 24 do texto constitucional, tales dereitos constitúen un límite ao exercicio das liberdades de expresión que o propio precepto recoñece e protexe co mesmo carácter de fundamentais.

Os dereitos garantidos pola lei foron encadrados pola doutrina xurídica máis autorizada entre os dereitos da personalidade, cualificación da que obviamente se desprende o carácter de irrenunciable, irrenunciabilidade referida con carácter xenérico á protección civil que a lei establece.

Estes dereitos, non poden considerarse absolutamente ilimitados, dado que os imperativos do interese público poden facer que por lei se autorice expresamente determinadas entradas no ámbito da intimidade, que non poderán ser reputadas de ilexítimas, en virtude de razóns de interese público que podan impoñer unha limitación dos dereitos individuais, razóns de interese público que non parecen concorrer no presente caso.

O artigo 15 da Lei 19/2013, establece que cando a información solicitada non contivera datos especialmente protexidos (ideoloxía, afiliación sindical, orixe racial, vida sexual etc..) o órgano ao que se dirixa a solicitude concederá o acceso previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cujos datos aparezan na información solicitada, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, debendo ter en conta a garantía dos dereitos dos afectados, no caso de que os datos contidos no documento poidan afectar á súa intimidade ou á súa seguridade, debendo facerse a necesaria ponderación en base ao indicado no artigo 15.3 da citada Lei 19/2013.

Neste punto, débese lembrar que o dereito de acceso á información, tal e como se menciona no preámbulo da Lei, debe permitir o escrutinio da acción pública, pero o obxecto da mesma non pode ser, en ningún caso, o coñecemento de información de carácter persoal que non achegue un valor fundamental para realizar o devandito escrutinio e que, pola contra, poida supoñer un prexuízo no dereito á protección dos datos persoais e entre na esfera da intimidade persoal e familiar das persoas afectadas.

A acción social, e os programas que as distintas Administracións e organismos poden por en marcha en materia social, implican a cobertura económica, en todo ou en parte, de determinadas prestacións para cubrir necesidades sociais de carácter básico acreditadas polos perceptores. O coñecemento por un terceiro das persoas que perciben estas axudas, así como



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

o seu importe, implica o coñecemento de información de carácter persoal que non pode considerarse acorde coa finalidade da normativa en materia de transparencia.

As propias normas en materia de subvencións públicas, exclúen a publicidade dos datos do beneficiario cando en razón do obxecto da subvención, poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do derecho ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora (artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 18.3.d) da Lei 38/2003 Subvencións do Estado, así como os seus respectivos regulamentos de desenvolvemento).

De acordo co anterior, dado que non se acredita, na procura da información que se solicita, a existencia dun interese superior á protección do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas afectadas, procede a desestimación da reclamación presentada.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Única: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación, por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Vigo (Pontevedra), de información referente das axudas recibidas por dous solicitantes do expediente 155986/301, en axudas indirectas, dende agosto de 2017.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019


Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia